

A nosa referencia: 2 - Secretaría
Expediente: 2026/G010/000011

Notifícolle que a Sra. alcaldesa, con data 27-07-2026, ditou a resolución núm. 571/2026 que se transcribe a seguir:

«RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

En uso das atribucións que me son conferidas no artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 97 do Regulamento orgánico municipal, **RESOLVO:**

Primeiro.- Convocar sesión ordinaria do Pleno municipal para o xoves 30 de xullo de 2026, que terá lugar no salón de sesións da casa do concello, ás 11:00 horas, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 26 de febreiro de 2026, á sesión extraordinaria do día 10 de marzo de 2026 e á sesión ordinaria do día 26 de marzo de 2026
2. Parte resolutiva
 - 2.1. Proposta de adhesión ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios (FEGAMP) para o desenvolvemento dunha administración dixital
 - 2.2. Proposta relativa á ratificación da Resolución da Alcaldía núm. 516/2026, do 2 de xullo, de incoación do expediente de revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo denominado “Mantemento de zonas axardinadas no termo municipal de Cambre”, prestado pola empresa “Légamo Infraestructura Verde, S.L.”
 - 2.3. Proposta de recoñecemento extraxudicial de créditos en execución de sentenzas firmes
 - 2.4. Toma de coñecemento da renuncia presentada por Omar Gonzalo Lamela Vázquez ao cargo de concelleiro do Concello de Cambre
 - 2.5. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día
3. Parte declarativa
 - 3.1. Declaracións institucionais
 - 3.2. Mocións dos grupos municipais
4. Parte de información, control e fiscalización
 - 4.1. Informes do equipo de goberno
 - 4.2. Dación de conta das resolucións de Alcaldía e concelleiros/as delegados/as e acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía
 - 4.3. Rogos
 - 4.4. Preguntas

Segundo.- Notifíquese aos señores concelleiros e concelleiras para os efectos oportunos.»

Cambre, na data da sinatura dixital

A secretaria accidental

Mª del Juncal Capín Fonseca

TABOLEIRO DE ANUNCIOS